Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Centro certificado FIDES-AUDIT
Distintivo de Igualdade
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

DO-0203 Orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo

R2 DO-0203

Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)

Curso 2025/2026

Aprobado en Comisión de Calidade: 03/11/2026

Aprobado en Xunta de Escola: 04/11/2026

Vigo, a 4 de novembro de 2026

Guillermo García Lomba

Coordinador de Calidade

Contido

1 Presentación ... 3
2 Equipo de coordinación e titorización ... 3
3 Estudantado de novo ingreso ... 4
3.1 Xornada de Benvida ... 4
3.2 Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso ... 4
4 Actividades do PAT-ANEAE dos graos ... 6
4.1 Reunións das persoas coordinadoras das titulacións co estudantado. ... 6
4.2 Actividades do PAT-ANEAE de 1º e 2º dos graos ... 6
4.2.1 1º curso dos graos ... 6
4.2.2 2º curso dos graos ... 9
4.3 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao EE ... 12
4.3.1 3º curso do grao EE ... 12
4.3.2 4º curso do grao EE ... 15
4.4 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao ERME ... 18
4.4.1 3º curso do grao ERME ... 18
4.4.2 4º curso do grao ERME ... 20
5 Actividades do PAT-ANEAE do máster MUEM ... 23
5.1 1º Curso ... 23
5.2 2º Curso ... 26
6 Actividades do PAT-ANEAE do MUXSA ... 29
7 Actividades de orientación académica, profesional e formativas ... 29
8 Informe PIUNE ... 30
9 Programa de seguimento das persoas egresadas da EME ... 31
10 Conclusións ... 31

1 Presentación

O informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo PAT-ANEAE do curso 2025/2026 recolle as principais actuacións destinadas a favorecer a integración do estudantado na vida universitaria e atender a súas necesidades formativas e informativas.

O ámbito de aplicación destas actuacións foron as titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME):

- Grao en Enxeñaría da Enerxía (en adiante GEE)
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en adiante GERME)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (en adiante MUEM)
- Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (en adiante MUXSA).

2 Equipo de coordinación e titorización

No curso 2025/2026 as persoas designadas como titoras do PAT foron as mesmas que desempeñaron a coordinación de curso:

Táboa 1. Relación de persoas titoras do PAT

Función	Nome e apelidos	Contacto
Titora de 1º graos	Iria Feijoo Vázquez	ifeijoo@uvigo.gal
Titora de 2º graos	Raquel Pérez Orozco	rporozco@uvigo.gal
Titor de 3º GEE	Jesús Vence Fernández	jvence@uvigo.gal
Titor 3º, 4º GERME	Fernando García Bastante	bastante@uvigo.gal
Titora 4º GEE	Ana Mª Rodríguez Rodríguez	aroguez@uvigo.gal
Titor 1º MUEM	Guillermo García Lomba	glomba@uvigo.gal
Titora 2º MUEM	Marta M. Cabeza Simón	mcabeza@uvigo.gal
Titora 1º e 2º MUXSA	María Araújo Fernández	maraujo@uvigo.es
Coordinadora PAT-ANEAE	Ana Mª Rodríguez Rodríguez	aroguez@uvigo.gal eme.piune@uvigo.gal

3 Estudantado de novo ingreso

3.1 Xornada de Benvida

Como cada ano, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu o novo estudantado do GEE e do GERME (4 de setembro do 2025). Nesta Xornada de Benvida informouse ao estudantado de novo ingreso dos dous graos dos aspectos máis importantes da vida académica do centro: calendarios, horarios, prácticas, secretaría virtual, MOOVI, mobilidade, etc., así como as actividades das diferentes asociacións estudantís do centro. Esta información é accesible ao estudantado no espazo de MOOVI EME-INFO: Información e Orientación, na sección dedicada ao Primeiro Curso GEE/GERME.

3.2 Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso

O estudantado de novo ingreso fixo unha enquisa co obxectivo de coñecer os motivos para elixir o GEE e o GERME así como os medios polos que coñeceron a titulación. No curso 2025/2026 contestaron a enquisa un total de 54 estudantes: 28 do GEE e 26 do GERME.

Na pregunta sobre a vía pola que coñeceron a titulación, a opción máis escollida foi a páxina web da Escola, mencionada por 19 estudantes. En segundo lugar sitúanse os familiares ou amigos (14 respostas), seguidos polos eventos organizados na EME ou visitas aos centros de ensino (10 respostas). Outras vías de información tamén destacadas, aínda que con menor incidencia, foron a información obtida a través das titulacións do SUG (9 respostas) e os trípticos informativos (8 respostas). A continuación aparecen opcións máis repartidas como o/a orientador/a ou profesorado do centro educativo de orixe (7), as charlas da UVigo nos centros e a prensa. As opcións menos mencionadas foron as RRSS, as feiras de orientación e Outros medios. En resumo, obsérvase que a canle principal pola que o alumnado coñeceu a titulación foi a información institucional da Escola, especialmente a través da súa web, complementada pola influencia do ámbito máis próximo (familia e amizades) e pola participación en actividades de difusión propias da EME. As demais fontes teñen unha presenza moito máis distribuída e minoritaria (Fig. 1).




Figura 1. Medio polo que coñeceron a titulación os estudantes de novo ingreso nos graos

No caso da motivación para a elección da titulación de GEE ou GERME, as respostas achegadas polo alumnado son diversas, aínda que se identifican varias tendencias comúns.

No GEE, a razón máis repetida con moita diferenza é o interese pola enerxía en xeral, e en particular polas fontes de enerxía, a súa xeración e as enerxías renovables, que algúns estudantes consideran "o futuro" e o ámbito ao que queren dedicarse. No GERME predomina o interese específico pola minería, a explotación de minerais, os sistemas mineiros e a xestión ambiental, así como pola investigación en minerais e novos materiais. En ambos os graos é tamén frecuente a referencia ás saídas laborais, percibidas como amplas, e a unha formación útil e con proxección de futuro. Un grupo menor de estudantes menciona o gusto polas materias do grao, pola ciencia e pola tecnoloxía, e mesmo afeccións concretas como a aplicación de sistemas enerxéticos ao automobilismo. Outra motivación presente é a influencia da familia, do orientador do centro ou de persoas achegadas que recomendaron a titulación. Finalmente, aparece un grupo de estudantes, maioritariamente do GERME, que accedeu a estes estudos por non obter praza na enxeñaría que lles interesaba, por ser a segunda opción ou por ser unha das poucas titulacións con prazas dispoñibles; neste curso destaca ademais que varios destes estudantes manifestan expresamente a intención de validar materias para cambiarse a outra enxeñaría no curso seguinte. En conxunto, percíbese unha combinación de interese persoal polo ámbito enerxético, mineiro e ambiental, expectativas laborais e decisións condicionadas polo contexto académico ou familiar.

En relación coa pregunta sobre se lles gustaría ampliar a súa formación e en que ámbitos están interesados (Fig. 2), obsérvase que o alumnado mostra unha clara preferencia por áreas complementarias ao seu grao técnico.




Figura 2. Temas de interese do estudantado de novo ingreso nos graos

Os temas máis demandados son a informática (22 respostas) e os idiomas (21), practicamente igualados, o que evidencia o interese por competencias cada vez máis valoradas no ámbito profesional e globalizado. Tamén destaca a divulgación científica (12), aínda que a certa distancia das anteriores, o que amosa unha inquietude por ampliar coñecementos máis aló do estritamente tecnolóxico. En menor medida aparecen intereses como a oratoria e o debate, o traballo en equipo, a formación cultural e a intelixencia emocional, ámbitos relacionados coas habilidades sociais, comunicativas e culturais, aínda que menos prioritarios para o alumnado. En conxunto, pódese afirmar que existe unha

vontade maioritaria de mellorar a súa formación, especialmente en competencias técnicas e lingüísticas, sen esquecer o interese por unha formación máis integral e multidisciplinar.

4 Actividades do PAT-ANEAE dos graos

4.1 Reunións das persoas coordinadoras das titulacións co estudantado.

Realizáronse reunións de seguimento co estudantado co obxectivo de dar resposta ás necesidades detectadas na actividade docente diaria.

4.2 Actividades do PAT-ANEAE de 1º e 2º dos graos

4.2.1 1º curso dos graos

A presentación do PAT-ANEAE ao estudantado do primeiro curso realizouse aproveitando o acto de benvida, e explicóuselles como acceder a toda a información no espazo MOOVI (PAT e enquisas do PAT).

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

O 2 de decembro convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa deixouse aberta ata o mes de xaneiro, co propósito de que a puidese cubrir o alumnado que non asistise a clase nesa data e, por outra banda, para permitir que o estudantado avaliase a docencia unha vez realizados os exames finais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 10 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do primeiro cuadrimestre no 1º curso dos graos universitarios GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Destaca Química (80,8%), seguida de Cálculo I (75,0%), Expresión Gráfica (73,5%), Física I (73,5%) e Álxebra Lineal (73,2%). Os valores son moi homoxéneos e indican un grao de presentación ás probas aceptable en todas as materias, aínda que en todas elas arredor dunha cuarta parte do alumnado matriculado opta por non se avaliar.

Taxa de éxito

Expresión Gráfica (65,3%) e Física I (65,1%) sitúanse nas primeiras posicións. Pola contra, Cálculo I (47,8%), Química (46,4%) e, especialmente, Álxebra Lineal (41,1%) amosan porcentaxes inferiores ao 50%, o que evidencia que máis da metade do alumnado que se presenta non logra superar estas materias.

Taxa de rendemento

Sobresaen Expresión Gráfica (48,0%) e Física I (47,8%). En cambio, Química (37,5%), Cálculo I (35,8%) e Álxebra Lineal (30,1%) rexistran valores reducidos, o que confirma a necesidade de propoñer algunha medida de apoio ao estudo.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

Na enquisa, a dedicación semanal a cada materia exprésase nunha escala entre 1 e 15 h. A dedicación horaria semanal é superior en Cálculo I (7 h) e Álxebra Lineal (6,3 h), seguidas de Física I (5,4 h) e Química (5,2 h), mentres que é menor en Expresión Gráfica (3,1 h). A percepción de dificultade é máis elevada en Física I (2,8 sobre 3), Cálculo I (2,6) e Álxebra Lineal (2,5), mentres que Química (2,0) e, sobre todo, Expresión Gráfica (1,4) se perciben como menos esixentes.

Destaca que as materias de matemáticas (Cálculo I e Álxebra Lineal) son as que reciben unha maior dedicación horaria e, aínda así, presentan os rendementos máis baixos. Pola contra, Física I, a pesar de ser a materia percibida como máis difícil, acada un dos mellores resultados, o que indica que o esforzo investido nela é máis efectivo.

3. Hábitos de estudo diario

O 80% do alumnado que participou na enquisa declara estudar a diario, mentres que un 20% non mantén un traballo continuado. Este dato é moi positivo, aínda que debe interpretarse con cautela tendo en conta o reducido número de participantes (10 estudantes).

Conclusión

O informe reflicte un panorama desigual: resultados aceptables en Expresión Gráfica e Física I, pero dificultades notables en Álxebra Lineal, Cálculo I e Química, con taxas de éxito inferiores ao 50%, que deben ser abordadas mediante un maior apoio académico e titorial, así como mediante accións que fomenten a constancia e a motivación do alumnado.

Aínda que o 80% do alumnado enquisado afirma estudar a diario e que as materias de matemáticas son as que reciben máis horas de estudo (7 h e 6,3 h/semana), os resultados non son proporcionais ao esforzo realizado. A cantidade de horas non sempre garda relación directa cos resultados académicos: é clave a calidade do estudo.

Tendo en conta a escasa participación do alumnado na enquisa do PAT, os datos amosan disparidades significativas nas taxas de éxito entre materias. É fundamental implementar medidas de apoio académico e de orientación titorial, como charlas sobre técnicas de estudo, para fomentar un estudo continuo e eficaz, sobre todo nas materias con maior dificultade percibida e menor rendemento.

<u>Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre</u>

Tras convocar ao estudantado a través de MOOVI o 6 de maio para cubrir a enquisa co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre, esta permaneceu aberta ata o mes de xuño, co propósito de que a puidese completar o alumnado que non asistise a clase nesa data e de permitir que o estudantado avaliase a docencia unha vez realizados os exames finais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 6 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do segundo cuadrimestre no 1º curso dos graos universitarios de GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Empresa destaca cun 81,4%, seguida de Estatística (71,4%) e Física II (68,7%). Cálculo II (53,7%) e Informática (47,6%) amosan porcentaxes de presentación significativamente máis baixas; no caso de Informática, máis da metade do alumnado matriculado non se presenta. Unha menor porcentaxe de presentación pode indicar, nalgúns casos, dificultades como desmotivación, inseguridade ou falta de preparación previa.

Taxa de éxito

Física II acada o valor máis alto (70,6%), seguida de Estatística (58,7%) e Empresa (54,2%). Informática (35,0%) e Cálculo II (33,8%) sitúanse nas cifras máis baixas, o que suxire que estas materias poderían requirir reforzo adicional, cambios metodolóxicos ou estratexias específicas de apoio.

Taxa de rendemento

Física II obtén a taxa máis alta (48,5%), seguida de Empresa (44,1%) e Estatística (41,9%). A baixa taxa de presentación e de éxito en Cálculo II e Informática dá lugar aos seus baixos rendementos globais (18,2% e 16,7%, respectivamente), o que significa que menos dun de cada cinco estudantes matriculados supera estas materias.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia varía do seguinte xeito: Física II (7,8 h), Estatística (6,2 h), Cálculo II (6 h), Informática (4,8 h) e Empresa (4,5 h). Destaca que Cálculo II, cunha dedicación elevada, presenta un dos rendementos máis baixos.

As materias de Cálculo II (2,8) e Informática (2,4) teñen a valoración máis alta na percepción de dificultade (máximo 3), o que indica que o estudantado as percibe como as máis esixentes. Física II sitúase nun nivel intermedio (2,0), mentres que Estatística (1,8) e Empresa (1,7) presentan a dificultade percibida máis baixa.

3. Hábitos de estudo diario

O 50% do estudantado afirma estudar a diario, mentres que o resto non o fai de maneira regular. Este dato é inferior ao do cuadrimestre anterior e continúa a ser unha debilidade a ter en conta, xa que o estudo continuado é fundamental para materias cun alto grao de dificultade, como Cálculo II e Informática.

Conclusión

As materias de Cálculo II e Informática presentan as maiores dificultades, reflectidas nas súas baixas taxas de avaliación, éxito e rendemento e nunha alta percepción de dificultade. No caso de Cálculo II, a pesar de que o estudantado lle dedica un número elevado de horas, os resultados non son proporcionais ao esforzo realizado.

Só a metade do alumnado que responde a enquisa estuda a diario, e a calidade do estudo pode ser un factor clave. Os datos amosan disparidades significativas nas taxas de éxito e de avaliación entre materias.

É fundamental implementar medidas de apoio académico e de orientación titorial, como charlas sobre técnicas de estudo que fomenten un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias con maior dificultade percibida e menor rendemento. É importante centrarse

non só na cantidade de estudo, senón tamén na calidade e nas estratexias empregadas para abordar as materias máis esixentes.

4.2.2 2º curso dos graos

A titora do 2º curso enviou unha mensaxe, a través de MOOVI, presentándose e presentando o PAT, e días despois pasou pola aula para presentarse e darlles a benvida ao PAT en persoa.

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta dende o mes de decembro ata febreiro para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 10 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do primeiro cuadrimestre no 2º curso dos graos universitarios GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Resistencia de Materiais (100%) e Tecnoloxía de Materiais (91,1%) presentan as porcentaxes de avaliación máis altas, o que reflicte un alto grao de participación do alumnado nas probas. Pola súa parte, Sistemas Térmicos (85,5%), Circuítos e Máquinas Eléctricas (84,5%) e Mecánica de Fluídos (79,4%) amosan cifras algo máis baixas, o que podería indicar unha menor confianza ou preparación previa para afrontar os exames.

Taxa de éxito

Sobresaen os resultados en Sistemas Térmicos (83,0%), que acada un nivel claramente superior ao resto das materias, seguida de Circuítos e Máquinas Eléctricas (77,6%). Séguenas Mecánica de Fluídos (61,1%) e Tecnoloxía de Materiais (59,7%). Destaca de maneira negativa Resistencia de Materiais (45,2%), onde, a pesar de que todo o alumnado se presenta, a porcentaxe de aprobados é inferior á metade, o que suxire a existencia de dificultades metodolóxicas ou de asimilación dos contidos.

Taxa de rendemento

Os resultados máis altos corresponden a Sistemas Térmicos (71,0%) e Circuítos e Máquinas Eléctricas (65,5%), seguidos de Tecnoloxía de Materiais (54,4%). En cambio, Mecánica de Fluídos (48,5%) e Resistencia de Materiais (45,2%) presentan rendementos máis baixos, reflectindo o impacto directo das dificultades sinaladas anteriormente.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia oscila entre 1 e 15 h. Os resultados da enquisa indican: Mecánica de Fluídos: 8,4 h, Sistemas Térmicos: 6,8 h, Resistencia de Materiais: 6,7 h, Tecnoloxía de Materiais: 6,1 h e Circuítos e Máquinas Eléctricas: 5,5 h. En canto á percepción de dificultade, Mecánica de Fluídos e Circuítos e Máquinas Eléctricas (2,6) son as consideradas máis esixentes, seguidas de Sistemas Térmicos (2,4), mentres que Tecnoloxía de Materiais e Resistencia de Materiais (2,1) se perciben como menos difíciles.

Mecánica de Fluídos concentra as principais dificultades: require a maior cantidade de horas de estudo, é percibida como unha das máis difíciles e acada un rendemento baixo. Resistencia de Materiais presenta un desaxuste entre a percepción de dificultade, que é das máis baixas, e os resultados, que son os máis reducidos do cuadrimestre, o que podería indicar que o alumnado subestima a esixencia real da materia.

Circuítos e Máquinas Eléctricas, aínda sendo percibida como unha das máis difíciles, acada bos resultados coa menor dedicación horaria, o que indica unha boa eficiencia no estudo. Por último, Sistemas Térmicos combina unha dedicación elevada con moi bos índices de éxito e rendemento, o que indica que a dificultade pode superarse cunha preparación axeitada.

3. Hábitos de estudo diario

O 70% do estudantado declara estudar a diario, mentres que un 30% non o fai de forma regular. Aínda que esta porcentaxe é positiva, segue existindo marxe de mellora. Para materias cun alto grao de dificultade é evidente que se precisa un reforzo para favorecer a asimilación dos novos conceptos.

Conclusión

A análise dos resultados académicos mostra un panorama diverso no rendemento das materias. En canto á participación, destacan Resistencia de Materiais (100%) e Tecnoloxía de Materiais (91,1%), mentres que Sistemas Térmicos (85,5%), Circuítos e Máquinas Eléctricas (84,5%), mentres que e Mecánica de Fluídos (79,4%) presentan taxas máis baixas.

Os indicadores de éxito e rendemento reflicten diferenzas notables. Sistemas Térmicos acada os mellores resultados (83,0% de éxito e 71,0% de rendemento), consolidándose como a materia cun desempeño máis favorable, seguida de Circuítos e Máquinas Eléctricas (77,6% e 65,5%). Tecnoloxía de Materiais mantén cifras intermedias.

Pola contra, Mecánica de Fluídos (48,5% de rendemento) e Resistencia de Materiais (45,2%) concentran as principais dificultades: no primeiro caso, polo elevado tempo de estudo requirido fronte aos resultados obtidos, e no segundo, polo desaxuste entre a total participación nos exames e a baixa porcentaxe de aprobados.

<u>Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre</u>

Convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta no mes de maio para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 23 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do segundo cuadrimestre no 2º curso dos graos universitarios de GEE e GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Tecnoloxía Electrónica (90,4%), Seguridade e Saúde (87,8%) e Enxeñaría Mecánica (81,3%) presentan as porcentaxes máis altas, o que suxire un elevado nivel de preparación ou motivación. Transmisión de Calor (73,8%) amosa un valor intermedio, mentres que

Tecnoloxía Ambiental (63,5%) e Xeoloxía (50,0%) se sitúan nos valores máis baixos. No caso de Xeoloxía, cómpre ter en conta o reducido número de matriculados (8 estudantes).

Taxa de éxito

Xeoloxía (100%) e Seguridade e Saúde (95,3%) destacan con taxas de éxito case perfectas, seguidas de Tecnoloxía Electrónica (78,7%) e Enxeñaría Mecánica (62,3%). As taxas máis baixas corresponden a Transmisión de Calor (50,0%) e, especialmente, a Tecnoloxía Ambiental (32,5%), o que suxire que, aínda que moitos estudantes se presentan, a maioría non consegue aprobar.

Taxa de rendemento

Seguridade e Saúde (83,7%) e Tecnoloxía Electrónica (71,2%) manteñen cifras moi positivas, seguidas de Enxeñaría Mecánica (50,7%) e Xeoloxía (50,0%). En contraste, as taxas de rendemento de Transmisión de Calor (36,9%) e Tecnoloxía Ambiental (20,6%) son notablemente baixas. De novo, a combinación dunha baixa taxa de éxito unha alta porcentaxe de presentados tradúcese nun rendemento global reducido.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Enxeñaría Mecánica: 5,7 h, Transmisión de Calor: 5 h, Tecnoloxía Ambiental: 5 h, Tecnoloxía Electrónica: 5 h, Xeoloxía: 3,7 h e Seguridade e Saúde: 2,5 h.

As materias de Enxeñaría Mecánica (2,8), Tecnoloxía Ambiental (2,7) e Transmisión de Calor (2,5) teñen a valoración máis alta na percepción de dificultade, o que indica que o estudantado as considera as máis esixentes. No extremo oposto, Seguridade e Saúde (1,2) e Tecnoloxía Electrónica (1,5) son percibidas como as menos difíciles, o que concorda coas súas elevadas taxas de éxito. Xeoloxía sitúase nun nivel intermedio (1,9).

3. Hábitos de estudo diario

O 57% do estudantado declara estudar a diario, mentres que un 43% non o fai de forma regular. Esta porcentaxe pode estar relacionada co baixo rendemento en materias de alta dificultade, como Tecnoloxía Ambiental e Transmisión de Calor.

Conclusión

As materias de Tecnoloxía Ambiental e Transmisión de Calor destacan como as máis problemáticas, con baixas taxas de éxito e un alto grao de dificultade percibida. Tecnoloxía Ambiental presenta o rendemento máis baixo do grupo (20,6%), a pesar dunha dedicación horaria similar á doutras materias, o que suxire a necesidade de revisar as estratexias de aprendizaxe e metodoloxía. Enxeñaría Mecánica, percibida como a máis difícil e á que se dedica máis tempo, acada uns resultados intermedios.

Pola contra, Seguridade e Saúde, Tecnoloxía Electrónica e Xeoloxía presentan resultados moi positivos. As altas taxas de éxito e rendemento, combinadas cunha menor percepción de dificultade, mostran que o alumnado se adaptou de maneira eficaz a estas materias.

O feito de que o 43% do alumnado non estude a diario constitúe unha debilidade que debe ser abordada. Para mellorar o rendemento global, é fundamental implementar medidas de apoio académico e orientación titorial que fomenten un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes.

4.3 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao EE

4.3.1 3º curso do grao EE

Tras a presentación do titor, convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 15 ao 17 de decembro para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 15 estudantes.

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación, preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do primeiro cuadrimestre no 3º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable rexistra a maior taxa de avaliación, cun 100%, o que reflicte un alto nivel de compromiso. Instalacións Eléctricas (92,1%) e Enxeñaría de Sistemas e Control (84,3%) presentan tamén unha participación positiva. Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos amosa a taxa máis baixa (71,4%). Cómpre sinalar que os datos destas dúas últimas materias, Operacións Básicas e Procesos de Refinado e Xeración e Distribución de Enerxía Térmica inclúen tamén o alumnado da optativa de 4º curso.

Taxa de éxito

O mellor desempeño obsérvase en Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable, cun 83,3%, seguida de Instalacións Eléctricas (80,0%), o que suxire que o alumnado está ben preparado para superar estas materias. Enxeñaría de Sistemas e Control acada un 76,7%, mostrando resultados satisfactorios. Pola súa parte, Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos presenta unha taxa de éxito do 60,0%, o que indica que unha proporción significativa do alumnado non logra aprobar.

Taxa de rendemento

Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable destaca cun 83,3%, seguida de Instalacións Eléctricas (73,7%), o que reflicte un rendemento global positivo. Enxeñaría de Sistemas e Control obtén un 64,7%, evidenciando un rendemento aceptable. Finalmente, Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos presenta o rendemento máis baixo (42,9%), o que suxire dificultades importantes na comprensión e superación da materia.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia oscila entre 1 e 15 h. Os resultados da enquisa indican que Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable é a materia con maior dedicación (5,8 h/semana) e, ao mesmo tempo, a percibida como menos difícil (1,7/3). Esta combinación de alto esforzo e baixa percepción de dificultade reflíctese nos seus excelentes resultados, coa taxa de éxito máis elevada (83,3%).

Pola contra, Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos presenta unha situación crítica. A pesar de recibir unha dedicación alta (5,1 h/semana), o alumnado identifícaa claramente como a máis difícil (2,7/3). Esta alta complexidade

percibida, unida á taxa de éxito máis baixa (60,0%), suxire que o esforzo investido non está a ser efectivo, o que podería indicar problemas na comprensión dos contidos ou nas estratexias de estudo.

Enxeñaría de Sistemas e Control, cunha dedicación moderada (4,8 h/semana) e unha dificultade percibida media-alta (2,2/3), acada resultados satisfactorios (76,7% de éxito). Instalacións Eléctricas, coa menor dedicación (4,2 h/semana) e unha dificultade percibida media-baixa (1,9/3), obtén un 80,0% de éxito, o que apunta a unha xestión eficaz do tempo e do estudo por parte do alumnado.

3. Hábitos de estudo diario

Unicamente o 59% do estudantado participante na enquisa declara estudar a diario, mentres que o resto non mantén un hábito de estudo regular. Esta falta de constancia é un dato moi preocupante e pode ser un factor determinante no baixo rendemento de Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos.

Conclusión

A análise dos datos revela unha relación crítica entre a dedicación horaria, a percepción de dificultade e os resultados académicos. A situación máis preocupante obsérvase en Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos, onde unha alta dedicación (5,1 h/semana) e unha elevada percepción de dificultade (2,7) non se traducen en éxito académico (60,0%). Isto indica que o simple incremento do esforzo non é suficiente; o problema parece radicar na efectividade das estratexias de aprendizaxe ou na natureza dos contidos.

Pola contra, o caso de Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable demostra que unha alta dedicación (5,8 h) combinada cunha baixa percepción de dificultade (1,7) conduce á excelencia (83,3% de éxito e rendemento), servindo como exemplo de eficiencia. Enxeñaría de Sistemas e Control e Instalacións Eléctricas logran resultados satisfactorios, evidenciando unha boa xestión do esforzo.

Finalmente, o 41% do alumnado que non estuda a diario podería estar a ver afectado o seu rendemento, especialmente nas materias de maior complexidade. É necesario reforzar o acompañamento titorial e o desenvolvemento de estratexias de estudo eficaces para mellorar o rendemento global.

<u>Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre</u>

Convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 6 de maio ao 5 de xuño para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa tres estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do segundo cuadrimestre no 3º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Todas as materias presentan taxas de avaliación elevadas. Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (90,9%) e Motores e Turbomáquinas Térmicas (90,0%) presentan as porcentaxes máis altas, seguidas de Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (89,3%) e Sistemas

Eléctricos de Potencia (89,1%), mentres que Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (83,0%) se sitúa no valor máis baixo.

Taxa de éxito

Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (92,0%) e Sistemas Eléctricos de Potencia (87,8%) destacan coas taxas máis elevadas. Motores e Turbomáquinas Térmicas (63,9%), Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (62,5%) e Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (61,5%) sitúanse nun rango claramente inferior.

Taxa de rendemento

Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (82,1%) e Sistemas Eléctricos de Potencia (78,3%) manteñen cifras moi positivas. En contraste, as taxas de rendemento de Motores e Turbomáquinas Térmicas (57,5%), Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (56,8%) e Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (51,1%) son notablemente máis baixas.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Motores e Turbomáquinas Térmicas (7,5 h), Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (7 h), Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (6,5 h), Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (5 h) e Sistemas Eléctricos de Potencia (3,3 h).

As materias de Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (3) e Xeración Eléctrica Renovable e Convencional (2,5) presentan a valoración máis alta na percepción de dificultade, seguidas de Sistemas Eléctricos de Potencia (2,3). No outro extremo, Motores e Turbomáquinas Térmicas (1,5) e Tecnoloxía de Combustibles Alternativos (2) son percibidas como as menos difíciles. Cabe destacar que Sistemas Eléctricos de Potencia acada moi bos resultados coa menor dedicación horaria, mentres que Motores e Turbomáquinas Térmicas, coa maior dedicación e a menor dificultade percibida, obtén resultados intermedios.

3. Hábitos de estudo diario

O 67% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o 33% restante non o fai de maneira regular. Aínda que esta porcentaxe é superior á do primeiro cuadrimestre, debe interpretarse con cautela dada a baixísima participación na enquisa.

Conclusión

As materias de Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas e Xeración Eléctrica Renovable e Convencional destacan como as máis problemáticas, coas taxas de éxito e rendemento máis baixas e o grao de dificultade percibida máis alto. En contraste, Tecnoloxía de Combustibles Alternativos e Sistemas Eléctricos de Potencia presentan resultados moi positivos.

Motores e Turbomáquinas Térmicas amosa un desaxuste entre a baixa dificultade percibida e a elevada dedicación, por unha banda, e uns resultados intermedios (63,9% de éxito), pola outra. É fundamental implementar medidas de apoio académico e orientación titorial para fomentar un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes. Resulta necesario revisar as estratexias de estudo do alumnado para acadar unha maior coherencia entre o tempo de dedicación e os resultados obtidos.

4.3.2 4º curso do grao EE

Tras a presentación da titora ao comezo do curso académico, convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 2 ao 5 de decembro para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames finais das materias. Ao remate deste período, completaron a enquisa 11 estudantes.

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do primeiro cuadrimestre no 4º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Todas as materias presentan taxas de avaliación moi elevadas. Enerxía e Espazo Subterráneo e Xeomática Aplicada á Eficiencia Enerxética rexistran un 100%, aínda que cun número reducido de matriculados (3 e 5 estudantes). Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica (97,5%), Xestión da Enerxía Térmica (97,2%), Enerxías Alternativas Fluidodinámicas (95,2%) e Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización (94,1%) amosan niveis de participación moi altos. Organización de Empresas (91,7%), Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas (88,9%) e Proxecto Colaborativo (87,0%) presentan as taxas máis baixas, aínda que igualmente elevadas.

Taxa de éxito

Organización de Empresas, Proxecto Colaborativo, Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas, Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización, Enerxía e Espazo Subterráneo e Xeomática Aplicada á Eficiencia Enerxética acadan o 100% de éxito, demostrando unha excelente asimilación dos contidos. Enerxías Alternativas Fluidodinámicas logra un 95,0%, Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica un 92,3% e Xestión da Enerxía Térmica un 88,6%, mostrando tamén resultados moi positivos.

Taxa de rendemento

Enerxía e Espazo Subterráneo e Xeomática Aplicada á Eficiencia Enerxética obteñen un 100% de rendemento, seguidas de Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización (94,1%) e Organización de Empresas (91,7%). Enerxías Alternativas Fluidodinámicas alcanza un 90,5%, Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica un 90,0% e Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas un 88,9%. Proxecto Colaborativo (87,0%) e Xestión da Enerxía Térmica (86,1%) presentan os rendementos máis baixos, aínda que moi satisfactorios.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A análise revela relacións significativas entre o esforzo investido, a dificultade percibida e os resultados académicos. Xestión da Enerxía Térmica recibe a maior dedicación (8 h/semana) cunha dificultade media-alta (2,2/3) e, aínda así, presenta a taxa de éxito máis baixa (88,6%), o que indica que é a materia máis esixente do cuadrimestre. Enerxías Alternativas Fluidodinámicas, cunha alta dedicación (7,3 h/semana) e dificultade media-alta (2,3/3), consegue un excelente rendemento (90,5%).

Xestión e Utilización da Enerxía Eléctrica e Proxecto Colaborativo amosan dedicacións idénticas (6,6 h/semana) e dificultades semellantes (2 e 2,1/3), con resultados moi positivos

en ambos casos. Xeomática Aplicada á Eficiencia Enerxética, a percibida como máis difícil (2,5/3), acada o 100% de rendemento cunha dedicación moderada (4 h/semana), do mesmo xeito que Tecnoloxías de Refrixeración e Climatización (4 h/semana, 2,2/3; 94,1%).

Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas (3,5 h/semana) e Organización de Empresas (2 h/semana), ambas cunha dificultade media (2/3), logran resultados excelentes cunha baixa dedicación, demostrando unha alta eficiencia na aprendizaxe. Non se dispón de datos da enquisa para Enerxía e Espazo Subterráneo.

3. Hábitos de estudo diario

O 55% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o 45% non o fai. Fomentar o hábito de estudo regular podería mellorar aínda máis a participación e os resultados nas materias de maior esixencia, como Xestión da Enerxía Térmica.

Conclusión

A análise dos resultados académicos evidencia un desempeño moi satisfactorio no 4º curso, con taxas de éxito iguais ou superiores ao 88% en todas as materias e rendementos superiores ao 86%. As materias cunha alta dedicación e dificultade moderada, como Enerxías Alternativas Fluidodinámicas (7,3 h/semana, dificultade 2,3/3) e Proxecto Colaborativo (6,6 h/semana, dificultade 2,1/3), acadan excelentes resultados, demostrando que o esforzo ben dirixido é efectivo.

Pola súa banda, Xestión da Enerxía Térmica (8 h/semana) presenta o rendemento máis baixo (86,1%) a pesar da súa alta dedicación, cunha dificultade percibida media-alta (2,2/3), o que sinala a conveniencia de mellorar as estratexias de aprendizaxe nesta materia. En contraste, Organización de Empresas e Enxeñaría do Solo Aplicada a Instalacións Enerxéticas logran resultados excelentes cunha baixa dedicación.

Finalmente, aínda que o 55% do alumnado estuda a diario, un 45% aínda non o fai. Fomentar hábitos de estudo regulares podería repercutir positivamente na confianza do estudantado para presentarse aos exames e mellorar o seu rendemento global.

Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudantado a través de MOOVI co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta do 8 ao 24 de abril para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 7 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do segundo cuadrimestre no 4º curso do GEE. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Deseño Asistido por Ordenador (100%) presenta a taxa de avaliación máis alta, seguida de Enxeñaría Nuclear (95,2%), Proxectos (93,8%), Eficiencia Enerxética: Sustentabilidade e Certificación (89,5%) e Uso Eficiente da Enerxía Eléctrica (83,3%), o que suxire un alto nivel de preparación ou motivación. Traballo de Fin de Grao (48,6%) ten a taxa máis baixa, e en Obras, Replanteos e Procesos de Construción ningún dos dous estudantes matriculados se presentou (0%).

Taxa de éxito

Todas as materias nas que houbo alumnado presentado teñen unha taxa de éxito do 100%, o que indica que todos os estudantes que se presentaron aprobaron, incluído o Traballo de Fin de Grao. En Obras, Replanteos e Procesos de Construción non é posible calcular esta taxa ao non haber presentados.

Taxa de rendemento

Deseño Asistido por Ordenador acada o 100%, seguida de Enxeñaría Nuclear (95,2%), Proxectos (93,8%), Eficiencia Enerxética: Sustentabilidade e Certificación (89,5%) e Uso Eficiente da Enerxía Eléctrica (83,3%), que teñen un alto rendemento. Pola contra, Traballo de Fin de Grao (48,6%) e Obras, Replanteos e Procesos de Construción (0%) teñen as taxas de rendemento máis baixas.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Traballo de Fin de Grao (8,8 h), Enxeñaría Nuclear (5,7 h), Proxectos (5,7 h) e Deseño Asistido por Ordenador (4,8 h).

En canto á percepción de dificultade, Traballo de Fin de Grao ten a valoración máis alta (2,5), indicando que os estudantes o consideran a materia máis esixente. No outro extremo, Deseño Asistido por Ordenador (1,8), Enxeñaría Nuclear (1,8) e Proxectos (1,7) son percibidas como as menos difíciles, o que concorda coas súas elevadas taxas de rendemento. Non se dispón de datos da enquisa para Obras, Replanteos e Procesos de Construción, Eficiencia Enerxética: Sustentabilidade e Certificación e Uso Eficiente da Enerxía Eléctrica.

3. Hábitos de estudo diario

O 71% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o 29% non o fai de forma regular. Esta porcentaxe é positiva, aínda que debe interpretarse con cautela dada a baixa participación na enquisa.

Conclusión

As materias de Deseño Asistido por Ordenador, Enxeñaría Nuclear e Proxectos destacan cun rendemento superior ao 93%, o que é excepcional. En contraste, Traballo de Fin de Grao presenta unha baixa taxa de avaliación e rendemento (48,6%), o que suxire que unha gran parte do alumnado non realiza a defensa, quizais pola alta carga de traballo (8,8 h/semana) e a alta percepción de dificultade. Por outra banda, en Obras, Replanteos e Procesos de Construción ningún estudante se presentou, aínda que o número de matriculados é moi reducido.

A pesar de que o 71% dos estudantes estudan a diario, as estratexias de estudo e de planificación do Traballo de Fin de Grao deben ser revisadas para asegurar que o esforzo dos estudantes se traduza nun maior número de defensas. É fundamental continuar coas medidas de apoio e orientación titorial para fomentar un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes.

Nota sobre a participación nas enquisas

A participación nas enquisas realizadas foi moi baixa, o que limita a fiabilidade dos resultados en determinados apartados. Por iso, algunhas materias que aparecen reflectidas nos valores das taxas de éxito, avaliación e rendemento non poden ser analizadas en profundidade nos apartados 2 e 3, ao non contar con información suficiente para extraer conclusións representativas.

4.4 Actividades do PAT-ANEAE de 3º e 4º cursos do grao ERME

En canto ás actividades realizadas nos dous cursos foron as seguintes:

- Sesión informativa de inicio de curso co estudantado, na que se presentou o titor e se lles lembrou a existencia do PAT, a súa misión e a súa dispoñibilidade. Esta sesión tivo lugar para o estudantado de terceiro curso e para o de cuarto curso.
- Envío de información ao estudantado a través de MOOVI sobre notificacións e actividades organizadas pola dirección do centro ou por entidades externas.
- Comunicación das sesións do PAT ao final de cada cuadrimestre, así como das enquisas correspondentes. Informouse ao estudantado que non puido asistir ás sesións de que as enquisas permanecerían abertas durante unha semana na plataforma MOOVI.

4.4.1 3º curso do grao ERME

Tras a presentación do titor, convocouse a todo o estudantado co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta ata o mes de decembro para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 5 estudantes.

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do primeiro cuadrimestre no 3º curso do GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Procesos de Recuperación de Menas presenta unha taxa de avaliación do 100%, mostrando un compromiso excelente. Mecánica de Solos e Instalacións Eléctricas alcanzan un 71,4%, mentres que Mecánica de Rochas rexistra un 66,7%. Explotación Sostible de Recursos Mineiros I e Voaduras teñen a taxa máis baixa (50,0%), o que indica que a metade do alumnado matriculado non se presenta.

Taxa de éxito

Mecánica de Rochas e Instalacións Eléctricas acadan o 100% de éxito. Voaduras logra un 83,3% e Mecánica de Solos un 80,0%, resultados sólidos. Explotación Sostible de Recursos Mineiros I (75,0%) e Procesos de Recuperación de Menas (66,7%) presentan as taxas máis baixas, aínda que cun número moi reducido de estudantes presentados.

Taxa de rendemento

Instalacións Eléctricas obtén o mellor rendemento (71,4%), seguida de Mecánica de Rochas e Procesos de Recuperación de Menas (66,7%) e Mecánica de Solos (57,1%). Voaduras e Explotación Sostible de Recursos Mineiros I mostran os valores máis baixos (41,7% e 37,5%), debido principalmente á súa reducida taxa de avaliación.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A dedicación horaria declarada é, en xeral, baixa. Instalacións Eléctricas recibe a maior dedicación (4,3 h/semana) e é tamén a percibida como máis difícil (2,3/3), acadando o mellor rendemento do cuadrimestre, o que indica que o esforzo investido é efectivo. Voaduras, coa

segunda maior dedicación (3,8 h/semana) e unha dificultade media (2/3), presenta unha boa taxa de éxito (83,3%), pero un rendemento baixo pola escasa presentación aos exames.

Mecánica de Rochas, cunha dedicación baixa (2 h/semana) e dificultade media (2/3), logra o 100% de éxito. Explotación Sostible de Recursos Mineiros I (2 h/semana; 1,4/3), Mecánica de Solos (1,7 h/semana; 1,3/3) e Procesos de Recuperación de Menas (2 h/semana; 1/3) son percibidas como pouco difíciles, pero os seus resultados non son plenamente satisfactorios, o que podería indicar que o alumnado subestima a súa esixencia real.

3. Hábitos de estudo diario

Ningún dos estudantes que participaron na enquisa declara estudar a diario (0%). Esta falta de constancia no estudo é un dato moi preocupante e pode ser un factor clave na baixa taxa de presentación aos exames nalgunhas materias.

Conclusión

A análise integral dos datos revela que o principal problema do cuadrimestre non é a taxa de éxito, que é aceptable ou alta en todas as materias, senón a baixa taxa de avaliación: en Voaduras e Explotación Sostible de Recursos Mineiros I só se presenta a metade do alumnado matriculado, o que se traduce nos rendementos máis baixos (41,7% e 37,5%). Instalacións Eléctricas e Mecánica de Rochas mostran que unha dedicación adecuada á dificultade percibida xera bos resultados.

A baixa dedicación horaria xeral e o feito de que ningún estudante enquisado estude a diario suxiren a necesidade de fomentar hábitos de estudo continuados, que poderían repercutir positivamente na confianza do alumnado para presentarse aos exames.

Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudantado co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta ata o mes de xuño para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 10 estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do segundo cuadrimestre no 3º curso do GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Tratamento e Conformado de Materiais, Instalacións e Procesos de Obtención de Materiais Metálicos e Prospección e Avaliación de Recursos presentan un 100%, aínda que con só un ou dous estudantes matriculados. Control de Calidade de Materiais (88,9%), Xestión de Obras e Replanteos (80,0%) e Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (80,0%) teñen valores elevados, seguidos de Explosivos (75,0%) e Obras Subterráneas (75,0%). A taxa máis baixa atópase en Explotación Sostible de Recursos Mineiros II (66,7%).

Taxa de éxito

Todas as materias, a excepción de Explosivos (83,3%), Xestión de Obras e Replanteos (75,0%) e Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (75,0%), teñen unha taxa de éxito do 100%, o que indica que todos os estudantes que se presentaron aprobaron.

Taxa de rendemento

Tratamento e Conformado de Materiais, Instalacións e Procesos de Obtención de Materiais Metálicos e Prospección e Avaliación de Recursos acadan o 100%, seguidas de Control de Calidade de Materiais (88,9%) e Obras Subterráneas (75,0%). Por outra banda, Explotación Sostible de Recursos Mineiros II (66,7%), Explosivos (62,5%), Xestión de Obras e Replanteos (60,0%) e Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (60,0%) teñen as taxas de rendemento máis baixas. No caso de Explotación Sostible de Recursos Mineiros II, o baixo rendemento débese exclusivamente á falta de presentación, xa que todos os presentados aprobaron.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Instalacións e Procesos de Obtención de Materiais Metálicos (6,5 h), Xestión de Obras e Replanteos (5,2 h), Explosivos (4,7 h), Tratamento e Conformado de Materiais (4,5 h), Control de Calidade de Materiais (4,2 h), Obras Subterráneas (3 h), Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (2,8 h) e Explotación Sostible de Recursos Mineiros II (2,5 h).

En canto á percepción de dificultade, Obras Subterráneas (3), Instalacións e Procesos de Obtención de Materiais Metálicos (3), Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas (2,5) e Xestión de Obras e Replanteos (2,2) teñen a valoración máis alta. Explotación Sostible de Recursos Mineiros II (1,5), Tratamento e Conformado de Materiais (1,5), Control de Calidade de Materiais (1,7) e Explosivos (1,8) son percibidas como as menos difíciles. Cabe destacar o caso de Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas, que combina unha dificultade percibida alta cunha dedicación baixa (2,8 h/semana) e un dos rendementos máis reducidos.

3. Hábitos de estudo diario

O 50% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o 50% restante non o fai de forma regular. Esta porcentaxe supón unha mellora respecto do primeiro cuadrimestre, pero segue a ser unha debilidade nas materias cunha alta percepción de dificultade.

Conclusión

As altas taxas de éxito e rendemento en Control de Calidade de Materiais e nas optativas con poucos estudantes matriculados son moi positivas e reflicten un bo desempeño do alumnado. Porén, Recursos, Instalacións e Centrais Hidráulicas, Xestión de Obras e Replanteos e Explosivos presentan as taxas de éxito e rendemento máis baixas, mentres que en Explotación Sostible de Recursos Mineiros II o baixo rendemento suxire que unha parte do alumnado non se presenta aos exames. Isto, xunto coa percepción de dificultade nalgunhas materias, resalta a necesidade de revisar as estratexias de estudo e as metodoloxías de ensino.

É fundamental continuar coas medidas de apoio académico e orientación titorial para fomentar un estudo continuo e eficaz, especialmente nas materias máis esixentes, para asegurar que o esforzo dos estudantes se traduza en éxito académico.

4.4.2 4º curso do grao ERME

Tras a presentación do titor, convocouse a todo o estudantado co obxectivo de valorar a docencia do primeiro cuadrimestre. A enquisa estivo aberta ata o mes de decembro para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa 4 estudantes.

Enquisas e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do primeiro cuadrimestre no 4º curso do GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos, Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable, Rochas Industriais e Ornamentais, Construción e Movemento de Terras, Enxeñaría para a Xestión, Tratamento e Valorización de Residuos Mineiros e Proxecto Colaborativo presentan unha taxa de avaliación do 100%, o que indica unha participación completa do alumnado. SIX e Ordenación do Territorio (87,5%) e Xeofísica, Xeoquímica e Xeotermia (80,0%) amosan as taxas máis baixas, aínda que elevadas. Cómpre ter en conta que o número de matriculados nestas materias é moi reducido (entre 1 e 8 estudantes).

Taxa de éxito

Todas as materias, a excepción de Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable (83,3%), acadan o 100% de éxito, demostrando unha excelente asimilación dos contidos.

Taxa de rendemento

Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos, Rochas Industriais e Ornamentais, Construción e Movemento de Terras, Enxeñaría para a Xestión, Tratamento e Valorización de Residuos Mineiros e Proxecto Colaborativo obteñen un 100% de rendemento. SIX e Ordenación do Territorio alcanza un 87,5%, mentres que Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable un 83,3% e Xeofísica, Xeoquímica e Xeotermia presenta un 80,0%.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A dedicación horaria declarada é elevada. Enxeñaría para a Xestión, Tratamento e Valorización de Residuos Mineiros recibe a máxima dedicación posible (15 h/semana) e é percibida como moi difícil (3/3), acadando resultados perfectos. SIX e Ordenación do Territorio (10 h/semana; 2/3), Rochas Industriais e Ornamentais (9 h/semana; 2/3) e Proxecto Colaborativo (8 h/semana; 2/3) presentan tamén unha alta dedicación con dificultade media e moi bos resultados.

Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos, percibida como moi difícil (3/3), logra o 100% de rendemento cunha dedicación de 6 h/semana. Xeración e Distribución de Enerxía Térmica Convencional e Renovable (5 h/semana; 2/3) presenta a única taxa de éxito inferior ao 100%. Xeofísica, Xeoquímica e Xeotermia (5 h/semana; 1,3/3) e Construción e Movemento de Terras (4,5 h/semana; 1/3) percíbense como as menos esixentes.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do estudantado que participou na enquisa declara estudar a diario. É un dato moi positivo, que amosa unha boa cultura do esforzo e concorda coas altas taxas de éxito e rendemento acadadas en practicamente todas as materias.

Conclusión

A análise dos resultados académicos evidencia un desempeño excelente no 4º curso do GERME, con taxas de éxito do 100% en case todas as materias. Obsérvase que as materias con alta dedicación, mesmo cando se perciben como moi difíciles, como Enxeñaría para a Xestión, Tratamento e Valorización de Residuos Mineiros (15 h/semana, dificultade 3/3) e Operacións Básicas e Procesos de Refinado, Petroquímicos e Carboquímicos (6 h/semana, dificultade 3/3), acadan resultados perfectos, demostrando que o esforzo ben dirixido é efectivo.

A isto súmase que o 100% do alumnado que respondeu a enquisa declara estudar a diario, o que reforza a relación entre o traballo continuado e o bo rendemento obtido. Con todo, os resultados deben interpretarse con prudencia, xa que o número de matriculados por materia é moi reducido e na enquisa só participaron catro estudantes. Cómpre manter as medidas de apoio e orientación titorial para consolidar este rendemento. Tamén convén favorecer a participación nas materias cunha taxa de avaliación algo inferior, como Xeofísica, Xeoquímica e Xeotermia e SIX e Ordenación do Territorio.

Enquisas e Resultados do 2º cuadrimestre

Convocouse a todo o estudantado co obxectivo de valorar a docencia do segundo cuadrimestre. A enquisa estivo aberta ata o mes de xuño para que o estudantado puidese avaliar a docencia unha vez realizados os exames parciais da materia. Ao remate deste período, completaron a enquisa tres estudantes.

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do segundo cuadrimestre no 4º curso do GERME. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Loxística e Servizos Mineiros (100%) mostra a porcentaxe máis alta, seguida de Enxeñaría Nuclear (83,3%), Proxectos (80,0%) e Deseño Asistido por Ordenador (80,0%). En contraste, Traballo de Fin de Grao (50,0%) e Degradación e Reciclaxe de Materiais (0%, cun único estudante matriculado que non se presentou) teñen as taxas máis baixas. Tratamento de Correntes e Efluentes non tivo alumnado matriculado neste curso.

Taxa de éxito

Todas as materias nas que houbo alumnado presentado teñen unha taxa de éxito do 100%, incluído o Traballo de Fin de Grao, o que indica que todos os estudantes que se presentaron aprobaron.

Taxa de rendemento

Loxística e Servizos Mineiros (100%), Enxeñaría Nuclear (83,3%), Proxectos (80,0%) e Deseño Asistido por Ordenador (80,0%) destacan coas taxas de rendemento máis altas. En contraste, Traballo de Fin de Grao (50,0%) e Degradación e Reciclaxe de Materiais (0%) presentan as taxas máis baixas. No caso do Traballo de Fin de Grao, a taxa de éxito é do 100% pero a de rendemento é do 50%, polo que a metade do alumnado non realiza a defensa.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Deseño Asistido por Ordenador (7,5 h), Traballo de Fin de Grao (6 h), Enxeñaría Nuclear (4,7 h) e Proxectos (4,5 h).

En canto á percepción de dificultade, Traballo de Fin de Grao (2,3) ten a valoración máis alta, mentres que Proxectos, Deseño Asistido por Ordenador e Enxeñaría Nuclear (2) se sitúan nun nivel intermedio. Non se dispón de datos da enquisa para Loxística e Servizos Mineiros nin para Degradación e Reciclaxe de Materiais.

3. Hábitos de estudo diario

O 67% do estudantado declara estudar a diario, mentres que o 33% non o fai. Trátase dun dato positivo que se reflicte nas altas taxas de éxito na maioría das materias.

Conclusión

As materias de Loxística e Servizos Mineiros, Enxeñaría Nuclear, Proxectos e Deseño Asistido por Ordenador destacan cun rendemento elevado. En contraste, Traballo de Fin de Grao presenta unha baixa taxa de rendemento (50%), que pode explicarse pola alta carga de traballo (6 h/semana), a maior dificultade percibida e a baixa taxa de avaliación, que indica que a metade do alumnado non chega á defensa.

A pesar de que o 67% dos estudantes estudan a diario, as estratexias de planificación do Traballo de Fin de Grao deben ser revisadas para asegurar que o esforzo dos estudantes se traduza nun maior número de defensas. É fundamental continuar coas medidas de apoio e orientación titorial para fomentar un estudo continuo e eficaz.

Nota sobre a participación nas enquisas

A participación nas enquisas realizadas foi moi baixa, o que limita a fiabilidade dos resultados en determinados apartados. Por iso, algunhas materias que aparecen reflectidas nos valores das taxas de éxito, avaliación e rendemento non poden ser analizadas en profundidade nos apartados 2 e 3, ao non contar con información suficiente para extraer conclusións representativas.

5 Actividades do PAT-ANEAE do máster MUEM

O coordinador de primeiro curso habilitou a sección correspondente no espazo EME-INFO na plataforma MOOVI que se emprega como canle de comunicación co estudantado, onde se informa de cambios puntuais en horarios/espazos docentes, oferta de becas, celebración de conferencias, cursos, seminarios ou outras actividades extracurriculares de interese para o estudantado.

O 14 de setembro levouse a cabo unha xornada de benvida para informar ao novo estudantado sobre o plan de estudos, dos horarios, do calendario, do profesorado e da profesión regulada de Enxeñeiro de Minas.

5.1 1º Curso

O 6 de novembro abriuse a sección no espazo EME-INFO e publicouse unha mensaxe no foro Anuncios coa presentación do titor e con información sobre a estrutura do espazo e as súas funcionalidades. Ao mesmo tempo publicouse no devandito espazo a planificación de

actividades das materias do primeiro cuadrimestre. O 11 de decembro pediuse ao estudantado a súa participación na enquisa de dificultade e seguimento das materias do primeiro cuadrimestre habilitada en MOOVI. A enquisa permaneceu aberta ata o 19 de decembro para ser cumprimentada por todos os estudantes. Ao remate do prazo, responderon a enquisa 3 estudantes (dos 4 de nova matrícula). O 4 de febreiro o titor do primeiro curso celebrou unha reunión co estudantado para contrastar e valorar as queixas e suxestións recollidas nas preguntas de resposta libre da enquisa do primeiro cuadrimestre, co obxecto de ter unha información máis completa para trasladala á coordinadora da titulación. Na reunión participaron todos os estudantes de primeira matrícula e precisaron as súas queixas sobre algunhas materias en relación co desenvolvemento das mesmas, a consideración de coñecementos previos, a escaseza de documentación proporcionada, o sistema de avaliación e a dificultade dalgunhas probas. Por outra banda tamén manifestaron a súa satisfacción co desenvolvemento dalgunhas materias e trasladaron os seus parabéns a parte do profesorado.

Enquisa e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias do primeiro cuadrimestre no 1º curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do plan de acción titorial.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Todas as materias presentan unha taxa de avaliación do 100%, o que indica un excelente compromiso por parte do estudantado. Isto inclúe Concentración de menas, Explotación sostible de recursos mineiros, Caracterización do medio físico, Combustibles sintéticos, Fundamentos de xeración eléctrica, Procesos de carboquímica e petroquímica, Enerxía térmica convencional e renovable, Obtención e transformación de materiais metálicos, Explosivos e voaduras, Automática, Mecánica de rochas e Caracterización de recursos mineiros.

Taxa de éxito

Todas as materias acadan o 100% de éxito entre os estudantes avaliados. Este resultado demostra unha excelente asimilación de contidos e efectividade nas metodoloxías de ensino. Destaca especialmente a mellora de Automática, que no curso anterior presentaba unha taxa de éxito do 60%.

Taxa de rendemento

O rendemento reflicte fielmente as taxas anteriores: as doce materias logran o 100%. Cómpre ter en conta que o número de matriculados por materia é moi reducido (entre 1 e 4 estudantes), polo que as porcentaxes son moi sensibles a cada caso individual.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A análise dos datos das enquisas revela relacións significativas entre o esforzo investido e os resultados académicos. Obtención e transformación de materiais metálicos é a materia que demanda maior dedicación (9 h/ semana). Con todo, a pesar da súa esixencia, alcanza un rendemento do 100%, o que indica que o esforzo resulta produtivo.

Seguen en dedicación Procesos de carboquímica e petroquímica (6 h/ semana) e Enerxía térmica convencional e renovable (5,5 h/ semana), que tamén alcanzan un rendemento perfecto, reflectindo unha notable efectividade na aprendizaxe.

Finalmente, Combustibles sintéticos e Xestión de recursos enerxéticos (4,5 h/ semana), así como Fundamentos de xeración eléctrica e Automática (4 h/ semana), requiren dedicacións moderadas e logran resultados excelentes, evidenciando un balance óptimo entre esforzo e rendemento. Destaca o caso de Automática, que no curso anterior presentaba o rendemento máis baixo (60%) e que este curso acada o 100% cunha dedicación de 4 h/ semana.

Concentración de menas, Explotación sostible de recursos mineiros, Caracterización do medio físico, Explosivos e voaduras, Mecánica de rochas e Caracterización dos recursos mineiros non foron avaliadas na enquisa do PAT.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do alumnado declara estudar a diario, un indicador moi positivo que, sen dúbida, incide nas altas porcentaxes de éxito en todas as materias.

Conclusión

A análise global dos datos permite concluír que o desempeño académico do estudantado é altamente positivo. Todas as materias alcanzan taxas de avaliación, éxito e rendemento do 100%, reflectindo un forte compromiso por parte do alumnado, hábitos de estudo constantes e metodoloxías docentes adecuadas.

Automática, que no curso anterior presentaba as taxas de éxito e rendemento máis baixas (60%), acada este curso o 100%, aínda que segue a ser a materia máis esixente en dedicación (10,3 h/semana) e dificultade (3/3). Convén facer un seguimento da súa carga de traballo para que non condicione o estudo das restantes materias. Con todo, a baixa participación na enquisa (3 estudantes) e o reducido número de matriculados limitan a representatividade destas conclusións.

Enquisa e Resultados do 2º cuadrimestre

Do 11 ao 20 de maio pediuse ao estudantado a súa participación na enquisa de dificultade e seguimento das materias do segundo cuadrimestre habilitada en MOOVI. A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuadrimestre no 1º curso do MUEM, a partir das respostas de 4 estudantes. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Todas as materias (Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros, Enxeñaría de Minerais e Materiais, Enxeñaría de Explosivos, Matemáticas Avanzadas e Xestión Integral de Industrias Mineiras) presentan unha taxa de avaliación do 100%. Destaca a mellora de Enxeñaría de Minerais e Materiais, que no curso anterior rexistraba un 50%.

Taxa de éxito

Enxeñaría de Minerais e Materiais, Enxeñaría de Explosivos, Matemáticas Avanzadas e Xestión Integral de Industrias Mineiras acadan unha taxa de éxito do 100%, o que indica que

todos os estudantes que se presentaron aprobaron. Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros rexistra un 75%, xa que un dos catro estudantes presentados non superou a materia.

Taxa de rendemento

Enxeñaría de Minerais e Materiais, Enxeñaría de Explosivos, Matemáticas Avanzadas e Xestión Integral de Industrias Mineiras destacan cun rendemento do 100%. En contraste, Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros presenta un 75%, consecuencia directa da súa taxa de éxito.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

A media de horas semanais dedicadas a cada materia é a seguinte: Enxeñaría de Minerais e Materiais (13,5 h), Enxeñaría de Explosivos (7 h), Matemáticas Avanzadas (6 h), Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros (5,3 h) e Xestión Integral de Industrias Mineiras (4,2 h). A dedicación é moi desigual, coa de Enxeñaría de Minerais e Materiais preto do máximo da escala.

En canto á percepción de dificultade, Enxeñaría de Minerais e Materiais (2,8) e Matemáticas Avanzadas (2,3) teñen a valoración máis alta, Enxeñaría de Explosivos ocupa unha posición intermedia (1,7), mentres que Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros (1,3) e Xestión Integral de Industrias Mineiras (1) son percibidas como as menos difíciles. Chama a atención que Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros, percibida como pouco difícil, sexa a única materia con estudantes que non a superan.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do estudantado declara estudar a diario, o que é un dato moi positivo e mostra unha boa cultura de traballo que se reflicte nas altas taxas de éxito.

Conclusión

As materias de Enxeñaría de Minerais e Materiais, Enxeñaría de Explosivos, Matemáticas Avanzadas e Xestión Integral de Industrias Mineiras destacan cun rendemento e unhas taxas de éxito excepcionais. Enxeñaría de Minerais e Materiais mellora notablemente respecto ao curso anterior (de 50% a 100% de rendemento), aínda que á custa dunha dedicación moi elevada (13,5 h/semana) que convén revisar coa coordinación para equilibrar a carga de traballo do cuadrimestre.

En contraste, Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros presenta a taxa de éxito e de rendemento máis baixa (75%) a pesar da súa baixa dificultade percibida, o que suxire que o alumnado podería estar a subestimar a materia. Recoméndase reforzar a orientación sobre os seus contidos e o sistema de avaliación.

5.2 2º Curso

No segundo curso celebrouse unha reunión presencial o 22 de setembro, en horario de actividade docente, para a presentación do PAT, e outra ao remate do primeiro cuadrimestre, co obxectivo de detectar incidencias, coñecer as actividades máis interesantes e recoller suxestións sobre temas ou información complementaria.

Enquisa e Resultados do 1º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias e optativas do primeiro cuadrimestre no 2º curso do Máster Universitario en Enxeñaría de

Minas, a partir das respostas de 4 estudantes. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Practicamente todas as materias presentan unha taxa de avaliación do 100%, demostrando un excelente compromiso por parte do estudantado. Destacan positivamente Simulación aplicada á mecánica de sólidos, Simulación aplicada á xeotecnia, Simulación aplicada a procesos químicos, Enxeñaría mineira, Simulación aplicada á mecánica de fluídos, Xestión de recursos enerxéticos e Túneles e infraestruturas subterráneas, así como as optativas Resolución de problemas en enxeñaría mediante ferramentas de código libre e Drones no ámbito dos recursos. Enxeñaría da auga presenta unha taxa do 87,5%, xa que un dos oito matriculados non se presentou á avaliación.

Taxa de éxito

Todas as materias acadan o 100% de éxito entre os estudantes avaliados. Este resultado excepcional demostra que quen se presenta á avaliación domina os contidos, reflectindo unha efectiva preparación e adecuación das metodoloxías docentes.

Taxa de rendemento

O rendemento global reflicte as variacións na taxa de avaliación. Nove materias logran o 100% de rendemento, destacando pola súa excelencia académica integral. Enxeñaría da auga obtén un 87,5%, consecuencia directa do estudante non presentado. Destaca a mellora de Simulación aplicada á mecánica de sólidos e de Xestión de recursos enerxéticos, que no curso anterior se situaban no 50% e no 66,7%, respectivamente.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

O rango de estudo semanal sitúase entre 2 e 10,7 h por materia. A análise dos datos das enquisas permite extraer varias conclusións relevantes.

Enxeñaría da auga é a materia que demanda maior dedicación (10,7 h/semana) e a percibida como máis difícil (3/3). É tamén a única cun estudante non presentado, o que suxire que a súa elevada esixencia pode estar a dificultar que todo o alumnado chegue preparado á avaliación.

Simulación aplicada á mecánica de fluídos, percibida como moi difícil (2,7/3), alcanza un rendemento perfecto cunha dedicación moderada (5 h/semana). Este resultado reflicte estratexias de aprendizaxe efectivas e unha adecuada adaptación á complexidade dos contidos. No caso de Simulación aplicada á xeotecnia (5 h/semana, dificultade 2/3) e Simulación aplicada á mecánica de sólidos (5 h/semana, dificultade 1,8/3), os resultados mostran tamén un rendemento máximo, o que evidencia unha óptima xestión do esforzo.

Finalmente, Enxeñaría mineira (5,7 h/semana, dificultade 1,3/3), Túneles e infraestruturas subterráneas (4,2 h/semana, dificultade 1,2/3), Simulación aplicada a procesos químicos (3,7 h/ semana, dificultade 1,3/3) e as optativas Resolución de problemas en enxeñaría mediante ferramentas de código libre (4 h/semana) e Drones no ámbito dos recursos (2 h/semana), ambas con dificultade 1/3, logran tamén resultados perfectos, reflectindo alta eficiencia académica.

Datos pendentes: Xestión de recursos enerxéticos, xa que non houbo respostas á enquisa sobre esta materia.

3. Hábitos de estudo diario

O 100% do alumnado manifesta estudar diariamente, o cal é un indicador sobresaínte de compromiso académico. Este hábito de constancia e regularidade ten unha incidencia directa nos excelentes resultados obtidos nas taxas de éxito e rendemento.

Conclusión

A análise dos resultados académicos mostra un panorama moi positivo, caracterizado por un forte compromiso do estudantado e unha adecuada organización do esforzo. Todas as materias acadan o 100% de éxito e case todas o 100% de avaliación e rendemento, o que confirma a eficacia das metodoloxías docentes e a preparación do alumnado. Respecto ao curso anterior, mellóranse claramente os resultados de Simulación aplicada á mecánica de sólidos e de Xestión de recursos enerxéticos.

O único punto de atención é Enxeñaría da auga, que combina a maior dedicación (10,7 h/semana), a máxima dificultade percibida (3/3) e o único caso de non presentado. Recoméndase revisar coa coordinación a súa carga de traballo e reforzar o acompañamento titorial nesta materia.

Finalmente, o 100% de hábito de estudo diario constitúe un factor clave nos altos niveis de éxito e rendemento, consolidando un modelo de formación sólido e eficaz.

Enquisa e Resultados do 2º cuadrimestre

A continuación preséntase unha análise dos datos recollidos nas materias obrigatorias do segundo cuadrimestre no 2º curso do MUEM. O obxectivo é identificar fortalezas e debilidades no rendemento do alumnado, así como propoñer accións de mellora dentro do PAT.

1. Análise das taxas de avaliación, éxito e rendemento

Taxa de avaliación

Enxeñaría e Sociedade presenta unha taxa de avaliación do 100%. O Traballo de Fin de Máster rexistra un 57,1%, xa que 3 dos 7 estudantes matriculados non realizaron a defensa no curso.

Taxa de éxito

Ambas as materias teñen unha taxa de éxito do 100%, o que indica que todos os estudantes que se presentaron aprobaron.

Taxa de rendemento

Enxeñaría e Sociedade acada o 100%, mentres que o Traballo de Fin de Máster queda no 57,1%, consecuencia directa da súa taxa de avaliación.

2. Dedicación horaria e percepción de dificultade

Non se dispón de datos, xa que o estudantado non puido cubrir a enquisa por estar a realizar as prácticas externas.

3. Hábitos de estudo diario

Non se dispón de datos, xa que o estudantado non puido cubrir a enquisa por estar a realizar as prácticas externas.

Conclusión

A distribución das cualificacións confirma a alta taxa de éxito. Os 8 estudantes de Enxeñaría e Sociedade e os 4 que se presentaron á defensa do Traballo de Fin de Máster obtiveron a cualificación de sobresaínte. Este resultado reforza a conclusión de que os estudantes que logran completar o traballo e presentarse á defensa teñen unha alta probabilidade de conseguir unha boa nota. Recoméndase reforzar o seguimento titorial do TFM ao longo do cuadrimestre, compatibilizándoo coas prácticas externas, para facilitar a súa defensa en prazo.

6 Actividades do PAT-ANEAE do MUXSA

No curso 2025/2026 continuouse a impartir o Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga, en colaboración coas universidades da Coruña e de Santiago de Compostela. O 8 de setembro realizouse unha sesión de presentación coa participación das persoas coordinadoras das tres universidades: Luis Ramírez Palacios (UDC), Marta Carballa Arcos (USC) e María Araújo Fernández (UVigo). Na UVigo, celebrouse o 8 de outubro unha sesión de orientación na que as estudantes de segundo curso resolveron dúbidas e asesoraron ao novo alumnado na elección de materias optativas, en base á súa experiencia previa.

No mes de maio, a coordinadora da titulación na UVigo organizou unha sesión informativa sobre cuestións relativas ás PPEE (ámbitos, temáticas e entidades con convenio xa establecido coa UVigo) e ás temáticas e o procedemento para o desenvolvemento do TFM.

As cuestións referidas á carga de traballo excesiva nalgunha materia foron tratadas e resoltas a nivel interuniversitario. Ningunha das materias impartidas na UVigo presentou esta problemática. Así mesmo, se lles invitou a participar nas sesión informativas e executivas organizadas polos responsables de internacionalización do centro de adscrición do Máster.

7 Actividades de orientación académica, profesional e formativas

Durante o curso 2025/2026 realizáronse unha serie de accións de orientación académica e extracurriculares para o estudantado da EME que se resume nas Táboas 2 e 3.

Táboa 2. Actividades de orientación académica

Actividade	Data	Responsable
Sesión informativa sobre mobilidade	29/10/2025	Francisco Deive
Sesión informativa sobre o TFG (prazos, temas, titorización, tramitación, redacción do documento, etc.)	29/10/2025	Francisco Deive / Iria Feijoo
Sesión informativa ao alumnado de TFG sobre o procedemento de tramitación e defensa do TFG e a viaxe de estudos.	18/03/2026	Francisco Deive Iria Feijoo

Sesión informativa sobre o TFM (procedemento administrativo, emprego da nova plataforma) e redacción de textos científicos e técnicos	26/01/2026	Elena Alonso
Sesión informativa estudantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o MUEM	19/02/2026	Elena Alonso
Sesión informativa a estudantado do GERME sobre as mencións da titulación	10/07/2026	Iria Feijoo

Táboa 3. Actividades formativas extracurriculares

Actividade	Data	Responsable
Visita de 1º curso ás Termas de Outariz	2/10/2025	Francisco Deive / Iria Feijoo
Conferencia: Empresa ATEGLOB	21/11/2025	Elena Alonso
Conferencia: *Evaluación del Sistema Cu–U–Au–Ag de Olympic Dam. Tipología, Explotación y Futuro de la Operación*	26/11/2025	Elena Alonso
Conferencia: *Tecnología del Hidrógeno y su ordenamiento jurídico*	17/12/2025	Ana Mª Rodríguez
Curso sobre o Patrimonio xeolóxico das Illas Cíes: o Xeoparque como instrumento de protección e divulgación	4 e 19/12/2025	Elena Alonso
Visita de 1º curso a Fervenza do río Barosa	11/04/2025	Francisco Deive / Iria Feijoo / José B. Vázquez / Javier Vijande
Viaxe de estudos (graos es máster)	7-11/06/ 2026	O estudantado foi acompañado polas profesoras Marta Cabeza e María Pazo. Visitaron *Energy Park Moeve, Acerinox, Atlantic Cooper* e *ENUSA*. Actividade financiada polo Consello Social da UVIGO, COIMNE e a EME

8 Informe PIUNE

Na escola, durante o curso 2025/2026, houbo tres persoas acollidas ao programa PIUNE. Todas elas eran de continuidade, polo que ao inicio de cada cuadrimestre se enviou un correo electrónico ás persoas coordinadoras das materias nas que estaban matriculadas, coas pautas remitidas pola UNATEN. Ao remate de cada cuadrimestre, a coordinadora do PAT-

ANEAE enviou os informes correspondentes á Área de Atención á Diversidade. Non se rexistraron incidencias ao longo do curso.

9 Programa de seguimento das persoas egresadas da EME

No 2022 púxose en marcha o programa de seguimento de persoas egresadas da EME. O profesor Eduardo Liz Marzán, nomeado Enlace coas Persoas Egresadas, lanzou neste curso a publicación da revista "Materia Prima" coa finalidade de facer visible a actividade profesional e laboral das persoas egresadas.

https://minaseenerxia.uvigo.es/es/estudiantes/revistas/

10 Conclusións

Da análise das actividades desenvolvidas e dos resultados obtidos no curso 2025/2026 extráense as seguintes conclusións:

- Estudantado de novo ingreso. A web da Escola é a principal vía pola que o estudantado coñece as titulacións, seguida do ámbito familiar e das actividades de difusión da EME, polo que convén manter e actualizar estas canles. Detéctase, especialmente no GERME, un grupo de estudantes que accede á titulación como segunda opción, algúns coa intención de cambiar de grao, o que aconsella reforzar a acollida e a orientación en primeiro curso para favorecer a súa permanencia.
- Desenvolvemento do PAT-ANEAE. O plan desenvolveuse conforme ao previsto en todas as titulacións do centro: presentación do PAT e das persoas titoras ao inicio do curso, enquisas de dificultade e seguimento en MOOVI ao remate de cada cuadrimestre e reunións co estudantado para analizar os resultados e recoller suxestións.
- Resultados académicos. Os resultados melloran a medida que se avanza na titulación. Os dous primeiros cursos dos graos concentran as principais dificultades, con taxas de éxito ou de rendemento iguais ou inferiores ao 50% e en 4º curso dos dous graos e no MUEM os resultados son moi satisfactorios, con taxas de éxito próximas ou iguais ao 100%.
- Presentación á avaliación. Nalgunhas materias o principal problema non é a taxa de éxito, senón que unha parte importante do alumnado non se presenta á avaliación.
- Dedicación e calidade do estudo. Un maior número de horas de estudo non sempre se traduce en mellores resultados, o que indica que a planificación e as estratexias de estudo son tan determinantes como o tempo dedicado. Tamén se detectan materias nas que o estudantado parece subestimar a esixencia real.
- Hábito de estudo diario. É moi desigual entre cursos se atendemos os datos das persoas participantes: nos dous primeiros cursos dos graos sitúase entre o 50% e o 80%, alcanzando no 4º curso e no MUEM o 100%. Consolidar o estudo continuado segue a ser un obxectivo prioritario, especialmente nos primeiros cursos.
- TFG e TFM. Todo o alumnado que se presenta á defensa supera o traballo, pero as taxas de rendemento son baixas, xa que unha parte significativa do estudantado non realiza a defensa no curso.
- Participación no PAT. A participación nas enquisas segue a ser baixa, o que limita a representatividade dos resultados, especialmente no relativo á dedicación horaria e

aos hábitos de estudo. O interese do estudantado polo PAT e a asistencia ás reunións convocadas polas persoas titoras son tamén, en xeral, baixos.

- Actividades de orientación e formativas. As sesións informativas, as conferencias, as visitas técnicas e a viaxe de estudos trataron temas de interese para o estudantado e complementan a súa formación académica e profesional.
- PIUNE e persoas egresadas. O programa PIUNE atendeu tres persoas, todas de continuidade, sen incidencias. O programa de seguimento das persoas egresadas continuou coa publicación da revista "Materia Prima".
- Espazos INFO en MOOVI. Facilitan o acceso do profesorado e do estudantado á información e valóranse como unha ferramenta útil de comunicación e coordinación.